

A FORMACIÓN DAS XUNTAS DE GOBERNO. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONST. DE 1812.

Durante a Guerra de Independencia 1808-1813, vaise desenvolver en España a 1ª experiencia do Liberalismo. Ante a ausencia do Rei Fernando VII e o levantamento popular que se inicia en Madrid o 2 de maio, o pobo español asume a soberanía.

A ocupación francesa de distintas prazas como Pamplona ou Barcelona en febreiro de 1808, deixara en evidencia que o verdadeiro obxectivo de Napoleón non era o paso das súas tropas cara á conquista de Portugal, tal como se establecía no Tratado de Fontainebleau, senón o de ampliar as fronteiras de Francia ata o río Ebro.

O Motín de Aranjuez, promovido polo partido fernandino, causou a destitución e encarceramento de Godoy, así como a abdicación de Carlos IV no seu fillo Fernando VII. Napoleón aproveita a situación para enviar un exército de 36.000 soldados a Madrid e o xeneral Murat fai presión sobre Carlos IV para que se desdiga da súa renuncia e solicite a mediación de Napoleón, quen convoca á familia real a Baiona. Fernando VII acude a Baiona tras deixar orde de que non se actúe contra os franceses e a necesidade de convocatoria de Cortes. A presenza militar francesa, a liberación de Godoy por Napoleón e o traslado da familia real a Baiona serán o detonante para o alzamento popular en Madrid o 2 de maio e o inicio da Guerra de Independencia. Napoleón conseguirá as abdicacións de Fernando VII e de Carlos IV na súa persoa e acabará por concederlle o reino ó seu irmán Xosé.

A Guerra contra os ocupantes franceses, a non aceptación do reinado de Xosé Bonaparte e a estancia de Fernando VII en Valençay, propiciarán o exercicio da soberanía das Xuntas e o inicio da primeira experiencia do Liberalismo español grazas ó labor legislativo das Cortes de Cádiz e, sobre todo, coa elaboración da 1ª Constitución española, a de Cádiz de 1812, “A Pepa”.

A partir da 2ª quincena de maio vaise xeneralizar a sublevación. Ante a pasividade das autoridades vanse crear as **Xuntas Supremas (locais e provinciais)** Estas xuntas supremas asumían o exercicio da soberanía nun período excepcional.

O primeiro obxectivo das Xuntas foi espallar a sublevación por todo o país. Encargáronse ademais de recrutar un exército e para mantelo asumiron poderes fiscais e solicitaron axuda a outros países (como no caso da Xunta de Oviedo cos británicos). En toda España chegan a constituírse 18 Xuntas provinciais.

O Principado de Asturias, reunido na Xunta Xeral de representantes, en quen reside toda a soberanía polas particulares circunstancias (...), antes de caer na escravitude dun conquistador (...) e animado coa dor de ver nas cadeas dun tirano violador de todos os dereitos ao seu desgraciado rei Fernando VII e demais familia real, tomou neste día valorosamente as armas na súa defensa para recobrar a monarquía, cando non poidan as súas persoas (...).

Acude, pois, o Principado, por medio dos seus deputados con plenos poderes, a solicitar da V.M. os auxilios oportunos na presente situación.

XUNTA XERAL DO PRINCIPADO DE ASTURIAS. **Carta** [ao rei Xurxo III de Gran Bretaña]. 26-5-1808

Nas Xuntas podemos distinguir 2 grupos: os defensores do Antigo Réxime, os absolutistas (ou servís) e os liberais (unha minoría instruída de profesores, avogados, funcionarios e unha minoría de clérigos) defensores dos principios do Liberalismo, a implantación dun sistema político Parlamentario onde se contemple a soberanía nacional, a separación de poderes e os dereitos naturais como a liberdade, a propiedade, a igualdade ante a lei.

Ante a pasividade das autoridades e o Consello de Castela, as Xuntas van crear como máxima autoridade a **Xunta Suprema Central** en setembro de 1808. Nos 17 meses que durou a Xunta Central asumiu o goberno, dirixiu a resistencia militar contra os franceses,

asinou un Tratado con Inglaterra, e, antes de autodisolverse ante o avance das tropas francesas, convocou a reunión de representantes da nación nunhas Cortes extraordinarias en Cádiz. A finais de xaneiro de 1810 a Xunta Central autodisolveuse e traspasou os seus poderes a unha Rexencia de 5 membros.

Chegou xa o tempo de aplicar a man a esta grande obra e de meditar as reformas que deben facerse na nosa administración (...). O rei noso señor don Fernando VII e no seu nome a Xunta Suprema Gobernativa do Reino, (...) decretou o que segue:

11. Que se restableza a representación legal e coñecida da monarquía nas súas antigas Cortes (...).

31. Que ademais (...) estenda a Xunta as súas investigacións aos obxectos seguintes para ilos propoñendo sucesivamente á nación xunta en Cortes: Medios e recursos para soste a santa guerra en que se encontra empeñada a nación (...). Medios de asegurar a observancia das leis fundamentais do reino. Medios de mellorar a nosa lexislación (...). Reformas necesarias no sistema de instrución e educación pública (...). Parte que deben ter as Américas nas Xuntas de Cortes (...).

41. Para reunir as luces necesarias para tan importantes discusións, a Xunta consultará aos consellos, xuntas superiores de provincias, tribunais, concellos, cabidos, bispados e universidades e oirá os sabios e persoas ilustradas.

XUNTA SUPREMA. **Real Decreto.** Sevilla, 22-5-1809. Convocatoria de Cortes

As causas principais para a convocatoria das Cortes eran encher o baleiro de poder ante a ausencia do Rei, coñecer a vontade do país, reorganizar a vida política e levar adiante as reformas políticas necesarias. A convocatoria é ben recibida tanto polos absolutistas (As Cortes confirmarían o predominio da nobreza e do clero), como polos liberais (que ven a oportunidade de que sexa o inicio dun proceso revolucionario que leve á implantación da soberanía nacional e á elaboración dunha Constitución escrita).

Todos e cada un dos cidadáns que compoñen a sociedade teñen dereito para intervir no establecemento das leis, por residir neles a soberanía. Pero como de verificalo indistinta e colectivamente as discusións se eternizarían e o desconcerto sería o resultado; de aquí a necesidade de constituír o poder lexislativo da nación (...).

O corpo lexislador deberá constar de individuos elixidos libre e espontaneamente polo pobo, en número proporcional á poboación do Estado, que teñan a calidade de cidadáns, e cuxa conduta non desmereza tan alta confianza. Estes serán os representantes da nación, depositarios da súa confianza, órganos da súa vontade e a cuxos desvelos se confiará a formación das leis (...).

Ás Cortes, ou sexa o corpo lexislativo, corresponde formar a Constitución, sancionar a integridade da Nación, mudar ou confirmar as súas actuais divisións (...); estender os códigos civil, criminal, económico e de rendas; determinar as relacións entre a Igrexa e o Goberno; arranxar os planos de ensino; confirmar ou derrogar os tribunais actuais (...); e por último establecer o sistema militar.

Xosé CANGA ARGÜELLES. **Reflexións sociais ou idea para a Constitución española que un patriota ofrece aos representantes de Cortes.** 1811

As Cortes foron convocadas en maio de 1809 e formouse unha Comisión presidida por Jovellanos. En xaneiro de 1810 aprobáronse as normas electorais, que contemplaban o sufraxio universal masculino indirecto (en 3 niveis: parroquia, partido xudicial e provincia).

En setembro de 1810, convocadas polo Consello de Rexencia, reúnen-se na Illa de León, trasladándose en 1811 as Cortes a Cádiz, cidade que permanecerá sitiada, nunha España ocupada case totalmente polas tropas francesas

Ante a imposibilidade de que os representantes das provincias accedan a Cádiz, é necesario nomear representantes suplentes (veciños das provincias residentes en Cádiz), que van supoñer case a metade dos deputados.

O número de deputados participantes nas Cortes foi variando, incrementándose de algo máis dun centenar a uns 300. A maioría pertencen as clases medias urbanas instruídas. O grupo maioritario está formado por membros do clero, séguenlle avogados, xente da

administración e militares, mentres a representación dos comerciantes, do alto clero e da nobreza é escasa.

Dividiranse principalmente en 3 grupos, absolutistas, liberais e americanistas e en 3 tendencias, **liberais**, como Flórez Estrada o Argüelles, partidarios de derrubar as bases do Antigo Réxime e da implantación do sistema liberal (división de poderes, soberanía nacional, liberdades de reunión, imprenta); os **absolutistas ou realistas** (servís. de ser vil), partidarios do Absolutismo e do Antigo Réxime; e os **Jovellanistas** cun pensamento intermedio entre os partidarios do Absolutismo e os liberais, inspirado no modelo inglés que defende unhas Cortes bicamerais e a soberanía compartida entre o Rei e As Cortes e o predominio da Constitución histórica sobre calquera constitución liberal escrita.

ABSOLUTISTAS	JOVELLANOS	LIBERAIS
SOBERANÍA NO REI	SOBERANÍA COMPARTIDA ENTRE REI E CORTES	SOBERANÍA NACIONAL
CORTES REPRESENTATIVAS. ESTAMENTAIS	CORTES BICAMERAIS	CORTES UNICAMERAIS
NON	CONSTITUCIÓN HISTÓRICA(Rey e Cortes)	CONSTITUCIÓN ESCRITA

En canto ó **labor legislativo**, no 1º decreto, As Cortes atribúense a si mesmas a soberanía e a representación da vontade nacional. As Cortes recoñecían como Rei a Fernando VII e declaraban nula a súa renuncia. Resérvanse o poder legislativo e recoñecen a existencia dun poder xudicial e dun executivo, a Rexencia.

Os decretos das Cortes de Cádiz tratarán de rematar co Antigo Réxime e impoñer por primeira vez o Liberalismo. Entre os decretos máis destacables podemos subliñar:

- a Abolición de señoríos xurisdiccionais e privilexios feudais.
- Decreto de liberdade de imprenta
- Supresión do Tribunal de Inquisición
- Supresión de gremios e do Consello da Mesta
- Decreto de libre contratación de traballadores, libre comercialización, libre utilización das terras e a uniformidade fiscal.
- Para obter recursos decretará a desamortización dos bens dos xesuítas, das ordes militares e dos conventos e mosteiros extinguidos durante a Guerra.

Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional.

As Cortes (...) recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo rei ao señor don Fernando VII de Borbón; e declaran nula, de ningún valor nin efecto a cesión da Coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da nación.

Non convindo queden reunidos o poder legislativo, o executivo e o xudicial, declaran as Cortes xerais e extraordinarias que se reservan o exercicio do poder legislativo en toda a súa extensión

CORTES DE CÁDIZ. **Decreto I.** 24-9-1810

Art.1º. Todos os corpos e persoas particulares, de calquera condición e estado que sexan, teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas, sen necesidade de licenza, revisión ou aprobación ningunha anterior á publicación, baixo as restricións e responsabilidades

CORTES DE CADIZ. **Decreto 9.** 10-11-1810

Art.1. Desde agora quedan incorporados á nación todos os señoríos xurisdiccionais (...).

Art.4. Quedan abolidos os ditados de vasalos e vasalaxe e as prestacións, tanto reais como persoais, que teñan a súa orixe en título xurisdiccional, a excepción dos que procedan de contrato libre en uso do sagrado dereito da propiedade. (...)

Art.5. Os señoríos territoriais quedan desde agora como os demais dereitos de propiedade particular, se non son daqueles que, pola súa natureza, deben incorporarse á nación (....)

Art.7. Quedan abolidos os privilexios chamados exclusivos, privativos e prohibitivos que teñan a mesma orixe de señorío, como son os de pesca, caza, forno, muiños, aproveitamento de augas, montes, e demais, quedando ao libre uso dos pobos, segundo o dereito común e as regras municipais establecidas en cada lugar

Art.14. En adiante, ningún poderá chamarse señor de vasalos, exercer xurisdición, nomear xuíces nin usar de privilexios e dereitos comprendidos neste Decreto.

CORTES DE CÁDIZ. **Decreto LXXXII sobre incorporación dos señoríos xurisdicionais á nación.** 6-8-1811

Art.2. O Tribunal da Inquisición é incompatible coa Constitución.

CORTES DE CÁDIZ. **Decreto 223.** 22-2-1813

O principal labor das Cortes de Cádiz vai ser a elaboración e promulgación da primeira Constitución española, a **Constitución de Cádiz de 1812**, chamada popularmente “A Pepa” por aprobarse o día de San José, 19 de marzo de 1812.

O seu Título I é o Da Nación Española e dos Españois. Co obxectivo de dar unidade ás diversas terras e xentes que estaban baixo a mesma monarquía, establece a igualdade entre os cidadáns da península e as colonias americanas. A súa prioridade é a definición da Nación (A Nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios”) o recoñecemento da soberanía nacional e o deber da nación de protexer os dereitos dos españois.

De ideoloxía **liberal progresista**, nela recóllense os *principios do Liberalismo*, como a *Soberanía nacional, a Monarquía Constitucional, dereitos e liberdades (Propiedade, Liberdade, liberdade imprenta, liberdade de pensamento, Habeas Corpus, inviolabilidade de domicilio), a igualdade dos cidadáns ante a lei e a separación de poderes:*

O poder executivo reside no *Rei* que exerce a través dos seus ministros que son responsables ante as Cortes. O Rei deixa de ser o suxeito da soberanía, pois esta correspóndelle á nación. Aínda que comparta coas Cortes o poder lexislativo, o seu poder é delegado pola nación e a Constitución de 1812 limita notablemente o poder real: *sen consentimento das Cortes, o Rei non pode ausentarse, ceder ou allear a coroa ou parte do territorio, non pode establecer alianzas nin tratados de comercio. Non pode tampouco, sen as Cortes, impoñer contribucións, expropiar ou allear bens nacionais, nin sequera casar.*

O Poder Lexislativo reside nas *Cortes co Rei*. As Cortes son *unicamerais*, controlan ó goberno, teñen funcións lexislativas e amparan a liberdade de imprenta. Debe reunirse obrigatoriamente unha vez ó ano e configúrase a Deputación Permanente das Cortes

O poder Xudicial reside nos Tribunais.

Consólidase a separación de poderes, aínda que o poder lexislativo estea compartido entre o Rei e As Cortes. O Rei pode vetar unha lei 2 veces, pero á terceira vez que sexa presentada, a lei é aprobada.

Imponse o **sufrexio universal indirecto** en 3 niveis (parroquia, partido xudicial provincia) Recoñece como **cidadáns a todos os homes libres e aveciñados no seu territorio**, pero exclúe ás mulleres, ós escravos e ós homes que non teñan emprego, oficio ou modo de vida coñecido.

Outros aspectos destacables son a **Confesionalidade do Estado**. a relixión católica, única e verdadeira (prohíbense as demais), a creación de **Milicia Nacional** (co fin de defender

o réxime liberal), o Centralismo político (Concellos e Deputacións son elixidos pos sufraxio universal indirecto).

É unha constitución ríxida, difícil de modificar por mor da debilidade do Liberalismo en España e para evitar ser modificada polo Rei. Estivo vixente en 3 curtos períodos, 1812-1814; 1820-1823; 1836-1837. A Constitución influíu na experiencia política de Portugal, Italia e Hispanoamérica.

No nome de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, autor e supremo lexislador da sociedade. As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución (...):

Art.1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios. (...)

Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais. (...)

Art.4. A nación está obrigada a conservar e protexer (...) a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen. (...)

Art.8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado. (...)

Art.12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira (...) e prohibe o exercicio de calquera outra.

Art.14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria. Art.15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art.16. A potestade de facer executar as leis reside no rei

Art.17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais. Art.131. As facultades das Cortes son: Propoñer e decretar as leis (...). Fixar os gastos da Administración pública (...) Establecer anualmente as contribucións e impostos (...) Protexer a liberdade política da imprenta (...) Facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios de Despacho (...).

Art.172. As restricións da autoridade do rei son as seguintes: (...) Non pode impedir, baixo ningún pretexto, a celebración das Cortes (...), nin suspendelas, nin disolverlas, nin en maneira ningunha embarazar as súas sesións e deliberacións (...). Non pode o rei ausentarse do reino sen o consentimento das Cortes e, se o fixese, entendese que abdicou da Coroa. (...). Non pode impoñer por si contribucións (...).

Art.361. Ningún español poderá escusarse do servizo militar

A Constitución de 1812 e o labor das Cortes de Cádiz van atoparse coa oposición dos estamentos privilexiados e a falta de apoio do pobo. A oposición dos absolutistas incrementarase trala supresión do Tribunal da Inquisición e despois do traslado das Cortes de Cádiz a Madrid. En canto ó pobo, este ve as reformas como estrañas a el e, influído polo clero, considera que As Cortes atentaban contra a relixión e á tradición.

Mentres en Cádiz os deputados protagonizan a “revolución” liberal en España, no resto da Península, o enfrontamento contra os franceses farase fundamentalmente en forma de guerrillas que controlan totalmente as zonas rurais e que obstaculizan e golpean ás tropas francesas. A retirada de España de importantes continxentes de soldados franceses para formar parte da Grande Armée, que atacará Rusia en 1812 e que será totalmente derrotada, xunto co avance pola Península das tropas anglo-lusas-españolas dirixidas polo xeneral Wellington, propiciarán a retirada dos franceses (exército, monarca e afrancesados) da Península e a sinatura do “Tratado de Valençay” entre Napoleón e Fernando VII que significará o recoñecemento de Fernando VII como Rei de España.

Tralo regreso a España de Fernando VII, un grupo de 69 deputados preséntalle ó Rei un manifesto, o Manifesto dos Persas, no que se lle pide ó monarca a abolición da Constitución e de todo o labor liberal das Cortes de Cádiz. Fernando VII accederá e co decreto do 4 de maio de 1814 volverá a implantar o Absolutismo en España.

As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despozáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiarse para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución (...); e o que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíase (...) de vontade xeral, e por tal fíxose pasar a duns poucos sediciosos (...) que (...) ocasionaron aos bos coidados e pesadumes (...).

Por tanto, oído o que unanimemente me teñen informado (...), declaro que o meu real ánimo é non soamente non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto algún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, a saber, os que limiten os dereitos e prerrogativas da miña soberanía (...) senón declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo algún, como se non houberen pasado xamais tales actos.

FERNANDO VII. **Decreto de anulación** [da Constitución e decretos das Cortes]. Valencia, 4-5-1814

A 1ª experiencia liberal en España, que ten o seu cumio na 1ª Constitución española de 1812, vai rematar en fracaso trala derrota de Napoleón e a volta a España de Fernando VII, considerado por moitos historiadores o Rei máis nefasto da Historia de España. O seu reinado suporá a volta ó Absolutismo nun contexto marcado pola imposición da Restauración do Antigo Réxime en Europa por parte da Santa Alianza, Monarquías de Austria, Prusia, Rusia e Francia que se impoñen como obxectivo impedir calquera experiencia liberal en Europa.

ANÁLISE COMPARATIVA

Analiza e compara os 2 documentos.

Tema dos documentos..... 0'5 puntos

Contexto histórico..... 1 punto

Contrastar as características dos 2 sistemas políticos.....1 punto

O primeiro obxecto que debe arrebatarse a atención da nación xunta en Cortes é a santa relixión que profesamos. Estando a relixión como merece, estará gobernada a monarquía como se debe (...). A relixión católica é o único punto que desde un rei católico debe partir á dirección dos seus coidados e atencións. Ela é a primeira pauta do rei, e a principal adoración do vasallo. A relixión católica prescribe todas as obrigacións dun e doutros. Un rei ben instruído na relixión católica e celoso da súa honra será un bo príncipe, e un reino relixioso saberá defender, amar e respectar o seu rei.

Francisco Antonio CEBRIÁN [bispo de Orihuela]. **Informe** [á Xunta Suprema sobre a convocatoria de Cortes]. 2-10-1809.

Españóis: non basta vencer exércitos inimigos para vivir felices. É necesario reformar as nosas institucións políticas se queremos evitar outra e máis veces os males que no día nos aflixen (...). Unha nación non pode prosperar sen un bo goberno, sen unha Constitución ou, o que é o mesmo, sen unhas leis fundamentais que ela mesma estableza e vele pola súa observancia.

Non creades que os reis veñen enviados de Deus aos pobos, como vos predicán os que queren ser reis (...). A vontade dos pobos é a que fai os reis; e ela mesma desfainos cando estes abusan dos poderes que o pobo lles confiou. Un rei é un xeneral, un administrador nomeado pola nación para que vele sobre a súa defensa exterior, manteña a tranquilidade interior e promova a riqueza e prosperidade da nación e todos os seus habitantes. (...)

Unha monarquía hereditaria en cabeza de Fernando e os seus descendentes é a forma de goberno que debemos adoptar, pero baixo unha Constitución que modere e fixe os límites da autoridade real e arranxe as relacións que debe haber entre a nación e o rei.

Antonio PEÑA. **O voto dun español**. Agosto de 1808.